

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 25 DE XUÑO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:00 horas do día 25 de xuño de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo designada pola Xunta de Goberno local o 10 de xuño de 2019 para os expedientes 18.397-333, 18.645-333 e 7.922-335, convocada pola presidenta o 21 de xuño, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidenta:** D^a. Susana Gallardo Fariña, secretaria de Administración municipal
- Vocais:** D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
 D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

10.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en festas 2019” no auditorio ao aire libre de Castrelos (7.922-335)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en festas 2019” no auditorio ao aire libre de Castrelos (7.922-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 20 de xuño de 2019, adoptou o seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 00:29	Páxina 1 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAB45-EAC24B-B4E9EF-M98DBQ-BBPWSF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en festas 2019” no auditorio ao aire libre de Castrelos (7.922-335) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	FLUGE GALICIA, S.L.	85 puntos
2	PRODUCCIONES E XESTIÓN CULTURAL, S.L.	81,44 puntos

Segundo.- Requiritivo ao licitador clasificado en primeiro lugar, FLUGE GALICIA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 e no apartado 16.G do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares (“documentación acreditativa da experiencia do persoal valorada como criterio de adxudicación no apartado 7.b.2 desta FEC”).*
3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, FLUGE GALICIA, S.L., o día 20 de xuño de 2019, que presenta a documentación requirida o 24 e 25 de xuño de 2019, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de xuño de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar FLUGE GALICIA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 00:29	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAB45-EAC24B-B4E9EF-M98DBQ-BBPWSF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta coa mellor relación calidade-prezo para a administración contratante é a formulada por FLUGE GALICIA, S.L., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 12 de xuño de 2019 e o acordo da Mesa de Contratación adoptado na sesión do 14 de xuño de 2019.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a FLUGE GALICIA, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en festas 2019” no auditorio ao aire libre de Castrelos (7.922-335) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 322.907,79 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 56.041,85 euros, cunha porcentaxe de desconto do 8,5% a aplicar aos prezos unitarios consignados no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- b) *Propón unha maior experiencia en traballos de produción de espectáculos ou eventos do seguinte persoal técnico:*
 - *Responsable de coordinación/xefe de emerxencias de 27 anos*
 - *Responsable de backstage (state manager)/xefe de intervención de 20 anos*
 - *Coordinador de auxiliares de organización e porteiros de 8 anos*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do arrendamento dun sistema completo de climatización para o pavillón central do complexo deportivo de Travesas (18.645-333)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 00:29	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAB45-EAC24B-B4E9EF-M98DBQ-BBPWSF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do arrendamento dun sistema completo de climatización para o pavillón central do complexo deportivo de Travesas (18.645-333)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 19 de xuño de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do arrendamento dun sistema completo de climatización para o pavillón central do complexo deportivo de Travesas (18.645-333) na seguinte orde descendente:

	Licitador
1	TORRES SERVICIOS TÉCNICOS, S.L.

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TORRES SERVICIOS TÉCNICOS, S.L., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP), tendo en conta que non está inscrito nun Rexistro de Contratistas:*

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP)”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, TORRES SERVICIOS TÉCNICOS, S.L., o día 19 de xuño de 2019, que presenta a documentación requirida o 25 de xuño de 2019, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de xuño de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 00:29	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAB45-EAC24B-B4E9EF-M98DBQ-BBPWSF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



lugar TORRES SERVICIOS TÉCNICOS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa economicamente para a administración contratante é a formulada por TORRES SERVICIOS TÉCNICOS, S.L., de conformidade co acordo da Mesa de Contratación de data 19 de xuño de 2019 polo que se acorda outorgar a este licitador a máxima puntuación ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a TORRES SERVICIOS TÉCNICOS, S.L. o procedemento aberto simplificado para a contratación do arrendamento dun sistema completo de climatización para o pavillón central do complexo deportivo de Travesas (18.645-333) por un prezo total de 46.398,66 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.052,66 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

c) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro dun videomarcador electrónico para pavillón central das Travesas (18.397-333)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro dun videomarcador electrónico para pavillón central das Travesas (18.397-333)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 00:29	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAB45-EAC24B-B4E9EF-M98DBQ-BBPWSF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 21 de xuño de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro dun videomarcador electrónico para pavillón central das Travesas (18.397-333) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	MONDO IBÉRICA, S.A.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONDO IBÉRICA, S.A., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a seguinte documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- *Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC (cláusula 23).*
- *Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo V.*
- *Acreditación da solvencia técnica esixida no apartado 5 das FEC (a solvencia económica xa consta no Rexistro e Licitadores).”*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONDO IBÉRICA, S.A., o día 21 de xuño de 2019, que presenta a documentación requirida o 24 e 25 de xuño de 2019, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de xuño de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar MONDO IBÉRICA, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 00:29	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAB45-EAC24B-B4E9EF-M98DBQ-BBPWSF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa economicamente para a administración contratante é a formulada por MONDO IBÉRICA, S.A., de conformidade co acordo da Mesa de Contratación de data 21 de xuño de 2019 polo que se acorda outorgar a este licitador a máxima puntuación ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a MONDO IBÉRICA, S.A. o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro dun videomarcador electrónico para pavillón central das Travesas (18.397-333) coas seguintes condicións:

- *O prezo total do contrato é de 57.351,22 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 9.953,52 euros.*
- *Propón un incremento do prazo de garantía de 5 anos (total 7 anos).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 00:29	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAB45-EAC24B-B4E9EF-M98DBQ-BBPWSF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		